

Novembro 2017

## A CIG-Ensino demanda o incremento de centros cualificados como de especial dificultade

**Tras o compromiso obtido na Mesa Sectorial de revisar a Orde que actualiza a relación destes centros, o sindicato trasladoulle á Consellaría as súas propostas e urxe a súa publicación e os efectos retroactivos da mesma.**

Desde a CIG Ensino demandámoslle á Consellaría que, unha vez actualizados os centros e as aulas de especial dificultade, puntúe o traballo desempeñado neles desde o momento en que funcionen cos requisitos que marcan a súa consideración como centros de especial dificultade e non desde a súa publicación no DOG.

A CIG-Ensino ven de trasladarlle á Consellaría de Educación que se dea resposta á súa solicitude de incremento dos centros de especial dificultade, procedendo á publicación da Orde no DOG canto antes, incorporando todas as peticións feitas pola CIG.

Desde o sindicato tamén se lle trasladou de novo á Consellaría a demanda de que a puntuación por traballar nos centros que se incorporen a ese Anexo non se faga efectiva só desde a data de publicación no DOG ou desde principios deste curso, senón desde o momento en que as aulas ou centros funcionan cos requisitos que marcan a súa consideración como centros de especial dificultade.

### A actualización dos centros, unha demanda da CIG-Ensino

A principios de curso a CIG-Ensino solicitou da Consellaría de Educación a actualización dos centros catalogados como de especial dificultade. En resposta a esta demanda, a Consellaría levou á Mesa Sectorial do 24 de outubro un borrador cun Anexo actualizado de centros de especial dificultade.

Na Mesa a CIG-Ensino amosou a súa desconformidade coa relación de centros, ao entender que non se recollían todos os que teñen actualmente aulas de EE en funcionamento, sexan creadas formalmente ou habilitadas. O compromiso da Consellaría na Mesa foi in-

corporar todos aqueles centros que, cumprindo eses requisitos, lle trasladáramos. Así, desde a CIG-Ensino fixemos entrega, o pasado 30 de outubro, dunha relación dos centros que se debían incorporar.

A día de hoxe, e unha vez publicada no DOG a convocatoria do CXT sen que esta orde se publique, a CIG-Ensino reitera a demanda da súa publicación. Segundo información da Consellaría está previsto que se faga en breve, unha vez revisadas as solicitudes, e terá efectos desde a posta en funcionamento das aulas ou centros.

### A especial dificultade outorga maior puntuación nos concursos de traslados.

A consideración dun centro como de especial dificultade ten relevancia na mobilidade do profesorado, ao ter unha maior puntuación nos concursos de traslados. Estas son as condicións:

**Puntuación no apartado 1.1.3.** Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro de

especial dificultade: **2 puntos**

- Esta puntuación ten carácter consumíbel: desaparece cando o ou a docente marcha do centro.
- Válida tanto para profesorado provisional como definitivo.
- Só puntúa mentres se está no centro e só se se está realmente nel: unha mestra definitiva nunha unitaria en comisión de concilia noutro centro non puntúa mentres estea fóra da unitaria. Volve puntuar se retorna ao centro.
- Ao contrario, cando unha persoa definitiva está provisionalmente (comisión de servizos) nun centro de especial dificultade puntuará por este apartado.

